



NOTA INTERIOR

De: SUBDIRECCIÓN XERAL DE RÉXIME XURÍDICO

A: AGACAL

Asunto: Remisión de certificado-consello

Remítolle para os efectos do seu arquivo nesas dependencias o certificado dos asuntos que de seguido se relaciona logo de finalizar a súa tramitación e unha vez mandado ao Consello:

PROXECTO DE ACORDO polo que se autoriza á Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural á concesión de subvencións aos Consellos Reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento para o exercicio 2024, por un importe total de cincocentos corenta mil euros (540.000,00 euros).

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

A Subdirectora Xeral de Réxime Xurídico

Marta Forés Lojo



DIEGO CALVO POUSO, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de xullo de dous mil vinte e catro adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Autorizar á Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural para a concesión de subvencións aos Consellos Reguladores das denominacións de calidade agroalimentarias para gastos de funcionamento, por importe total de cincocentos corenta mil euros (540.000,00 euros) e con cargo á aplicación orzamentaria 14.A2.713D.481.1, que serán distribuídos do seguinte xeito:

DENOMINACIÓN DE CALIDADE	TOTAL €	1º PAGO €	2º PAGO €
CR IIXX AUGARDENTES E LTG	31.300	15.730	15.570
CR IXP PATACA DE GALICIA	31.300	15.730	15.570
CRAEGA	31.300	15.730	15.570
CR IXP MEL DE GALICIA	31.300	15.730	15.570
CR DOP CEBREIRO	31.300	15.730	15.570
CR DOP RIBEIRA SACRA	31.300	15.730	15.570
CR DOP QUEIXO TETILLA	31.300	15.730	15.570
CR IXP CARNE DE VACÚN DE GALICIA	31.300	15.730	15.570
CR DOP VALDEORRAS	31.300	15.730	15.570
CR DOP RIBEIRO	31.300	15.730	15.570
CR IXP CASTAÑA DE GALICIA	31.300	15.730	15.570
CR DOP SAN SIMÓN DA COSTA	31.300	15.730	15.570
CR DOP ARZÚA-ULLOA	31.300	15.730	15.570
CR IXP PAN DE CEA	31.300	15.730	15.570
CR DOP MONTERREI	31.300	15.730	15.570
CR IXP PAN GALEGO	10.125	8.100	2.025
CR IXP TARTA DE SANTIAGO	10.125	8.100	2.025
CR IXP PEMENTO DE HERBÓN	10.125	8.100	2.025
CR IXP FABA DE LOURENZÁ	10.125	8.100	2.025
CR IXP PEMENTO DE OÍMBRA	5.000	4.000	1.000
CR IXP PEMENTO DA ARNOIA	5.000	4.000	1.000
CR IXP PEMENTO DE MOUGÁN	5.000	4.000	1.000
CR IXP LACÓN GALLEGO	5.000	4.000	1.000
CR IXP GRELOS DE GALICIA	5.000	4.000	1.000
Totais	540.000	292.350	247.650

E para que conste, asina a presente co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a oito de xullo de dous mil vinte e catro.

Vº. e Praxe:
O PRESIDENTE





MEMORIA PROPOSTA PARA A APROBACIÓN POLO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA DE AXUDAS AOS CONSELLOS REGULADORES DAS DENOMINACIÓNS DE CALIDADE AGROALIMENTARIA PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO NO ANO 2024

A orientación da Política Agraria Común (PAC) incide na conveniencia de fomentar a diversificación da produción agrícola para conseguir un maior equilibrio no mercado entre a oferta e a demanda. Constátase, deste xeito, que a defensa e promoción de produtos agroalimentarios que presentan características diferenciadoras resulta moi positiva para o desenvolvemento rural e, especialmente, para as zonas menos favorecidas, ao facilitar a mellora da renda dos agricultores e a fixación da poboación nesas zonas. Co fin de protexer e tipificar estes produtos e de garantir a súa orixe xeográfica e a súa calidade, que xunto coa tradición, constitúen os elementos básicos que determinan o renome e prestixio dos produtos con indicativo de calidade, esta consellería inclúe entre as súas accións principais o fomento das denominacións de calidade no sector agroalimentario.

Na Comunidade Autónoma de Galicia existen trinta e cinco produtos do sector agroalimentario que gozan do distintivo de calidade das denominacións de orixe e das indicacións xeográficas protexidas. A estes produtos habería que engadir os amparados polo distintivo da agricultura ecolóxica.

Para a xestión da maioría destes distintivos de calidade están constituídos diversos consellos reguladores, organizacións sectoriais nas que están representados os produtores e elaboradores e que están encargados da promoción e a defensa da correspondente denominación de orixe ou indicación xeográfica e de velar polo cumprimento da súa normativa específica.

Nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 figura a aplicación 14.A2.713D.481.1 "gastos de funcionamento dos consellos reguladores das denominacións de calidade" (Código proxecto 2012 00770), coa finalidade de axudar ao financiamento dos gastos de funcionamento dos consellos reguladores das devanditas denominacións de calidade agroalimentaria recoñecidas en Galicia que acrediten que as retribucións do seu persoal se adaptan ao disposto no Decreto 119/2012 do 3 de maio.

Deste xeito, ao ser subvencións correntes para entidades cun claro obxectivo de utilidade e interese social, por tratarse dun número determinado e limitado de beneficiarios e por ser, ao mesmo tempo, órganos colaboradores da Administración, non se procede á súa convocatoria pública, de acordo co disposto no art. 19.4, punto c, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, se ben respectándose sempre os necesarios criterios de concorrência e obxectividade do artigo 5 da mesma lei. Ademais, por superarse os límites cuantitativos establecidos no art. 51 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e no 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, propónse, polo tanto, a tramitación dunha retención de crédito previa á aprobación polo Consello da Xunta de Galicia da concesión de axudas aos consellos reguladores das denominacións de calidade agroalimentaria cunha achega total para o ano 2024 de CINCOCENTOS CORENTA MIL EUROS (540.000,00 €).

A xestión do importe total aprobado polo Consello da Xunta realizarase en dous pagamentos, de acordo co establecido no artigo 63.1 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, e distribuídos do xeito que se indica no anexo que acompaña esta memoria. Para o seu reparto aplicáronse criterios relacionados coa dispersión da área xeográfica da denominación, o peso dos ingresos propios respecto dos gastos totais, o peso dos gastos do persoal fronte ao total de gastos e as previsións de gasto corrente no período a subvencionar no caso daqueles consellos reguladores que, por non ter persoal propio, lles presta servizos a Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Os importes propostos cobren parte dos gastos básicos para o funcionamento destes consellos reguladores. Serán subvencionables os gastos correntes realizados directamente polos consellos reguladores derivados da súa actividade que se produzan entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de agosto de 2024. A data límite de xustificación destes gastos será o 16 de setembro do 2024.

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela

981 540 055 DE
agacal@xunta.gal





Terán a consideración de gastos subvencionables os gastos de persoal dos consellos reguladores, incluídas as cotizacións á Seguridade Social e as retencións do IRPF. Tamén serán subvencionables os gastos en bens correntes e de servizos relacionados coa actividade normal dos consellos reguladores, tales como: alugueiro de locais, bens funxibles, gastos de electricidade, telefonía, auga, gas, envíos e mensaxaría, pólizas de seguros, gastos de desprazamento, manutención, aloxamento, etc.

Santiago de Compostela (data á marxe - sinatura dixital)
O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria
José Luis Cabarcos Corral





ANEXO - GASTOS FUNCIONAMENTO CONSELLOS REGULADORES 2024

Orzamento: 540.000 €
Aplicación orzamentaria: 14.A2.713D.481.1
Código proxecto: 2012 00770

DENOMINACIÓN DE CALIDADE	TOTAL €	1º PAGO €	2º PAGO €
IIXX AUGARDENTES E LTG	31.300	15.730	15.570
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	31.300	15.730	15.570
CRAEGA	31.300	15.730	15.570
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	31.300	15.730	15.570
C.R.D.O.P. CEBREIRO	31.300	15.730	15.570
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	31.300	15.730	15.570
C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	31.300	15.730	15.570
C.R.I.X.P. CARNE DE VACUN DE GALICIA	31.300	15.730	15.570
C.R.D.O.P. VALDEORRAS	31.300	15.730	15.570
C.R.I.X.P. RIBEIRO	31.300	15.730	15.570
C.R.I.X.P. CASTAÑA DE GALICIA	31.300	15.730	15.570
C.R.D.O. SAN SIMÓN DA COSTA	31.300	15.730	15.570
C.R.D.O. ARZÚA-ULLOA	31.300	15.730	15.570
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	31.300	15.730	15.570
C.R.D.O.P. MONTERREI	31.300	15.730	15.570
C.R.I.X.P. PAN GALEGO	10.125	8.100	2.025
C.R.I.X.P. TARTA DE SANTIAGO	10.125	8.100	2.025
C.R.I.X.P. PEMENTO DE HERBÓN	10.125	8.100	2.025
C.R.I.X.P. FABA DE LOURENZÁ	10.125	8.100	2.025
C.R.I.X.P. PEMENTO DE OÍMBRA	5.000	4.000	1.000
C.R.I.X.P. PEMENTO DA ARNOIA	5.000	4.000	1.000
C.R.I.X.P. PEMENTO DE MOUGÁN	5.000	4.000	1.000
C.R.I.X.P. LACÓN GALLEGO	5.000	4.000	1.000
C.R.I.X.P. GRELOS DE GALICIA	5.000	4.000	1.000
C.R.I.X.P. PEMENTO DO COUTO	5.000	4.000	1.000

Totais..... 540.000 292.350 247.650

Asinado por: CABARCOS CORRAL, JOSE LUIS
Cargo: Director
Data e hora: 27/05/2024 11:06:24

CVE: 0HTDLrafBp6
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

